

**ASISTENTES:**

**Presidenta:**

Dona Milagros Otero Parga

**Vicepresidente:**

Don Fernando de Andrés Alonso

**Vogais:**

**Pola Xunta de Galicia**

Don Javier Enrique Fraga Campo

**Polo Consello Consultivo**

**Polo Consello de Contas**

Don Manuel José Santana Suárez

**Pola Federación Galega de Municipios e Provincias**

Dona Lucía Gonzalez Louro

**Secretaria:**

Dona María Puy Fraga

En Santiago de Compostela ás 12.10 horas do día 5 de abril de 2017, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 28 de marzo de 2017, procédese a realizar a X sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na sesión procédese de acordo coa seguinte orde do día:

**1º.- Saúda**

A presidenta inicia a sesión cunha benvinda aos membros. Escusa a ausencia por motivos laborais do Vicepresidente don Pablo Cameselle Martínez (substituído segundo o establecido no regulamento interno da Comisión da Transparencia) e das dúas representantes nomeadas polo Consello Consultivo de Galicia.

**2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 7 de marzo de 2017**

A secretaria procede á lectura da acta. Estando conformes todos os membros presentes apróbase por unanimidade.

**3º.- Resolución se procede dos expedientes tramitados**

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
RSCTG 0048/2016	Arquivo por ter recibido xa a documentación solicitada.
RSCTG 0051/2016	Inadmisión por concorrer a causa prevista no artigo 19.1 e disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro
RSCTG 001/2017	Estimación
RSCTG 002/2017	Presenta unha reclamación ante dúas solicitudes que se inadmiten ambas por concorrer a causa prevista no artigo 116 e) LPAC
RSCTG 03/2017	Arquivo por ter recibido xa a documentación solicitada.

#### 4º.- Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase a celebración das seguintes reunións os días 2 e 30 de maio ás 12.00.

#### 5º. - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 13:10 da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.

A Presidenta  
Milagros Otero Parga




A secretaria  
María Puy Fraga


